

A ECONOMÍA DURANTE O FRANQUISMO

A partir dos seguintes documentos elaboraremos unha composición de texto histórico sobre a evolución da política económica durante o réxime franquista (1936-1975).

O sistema político existente en España desde 1939 a 1975 denomínase réxime Franquista e é unha ditadura xa que Franco asumiu todos os poderes; baseaba a súa lexitimación na “vitoria” e xustificaba as súas decisións na necesidade de “salvar España do mal” (liberalismo e socialismo) e mantela en paz.

Este réxime político afirmábase en certos principios ou bases ideolóxicas negativas, pois era antiliberal, anticapitalista, antidemocrático, antiparlamentarista e anticonstitucionalista, antimultipartidista, antisocialista e anticomunista, antirracionalista e antiilustración, antimonárquico e antirrepublicano; antisemita, antifederalista e antiautonomista. Por outra banda, afirmábase en certas bases afirmativas defendendo o caudillismo, o nacionalsindicalismo; o nacionalcatolicismo, o militarismo e o hipercentralismo.

Franco crea un réxime político a imitación fascista: un líder, un partido, un sindicato e intervencionismo do estado na economía, o cal maquilla con leis pseudodemocráticas. Consérvase sempre o carácter militarista, integrista católico e nacionalista español (unha España grande e libre), inicialmente fronte a ONU, países europeos e EEUU e sempre fronte ós nacionalistas vascos e cataláns.

O réxime franquista perdurou no tempo debido ao apoio, directo ou indirecto, da inmensa maioría da poboación, polo que ata os anos setenta, as protestas obreiras, estudiantís e nacionalistas periféricas foron moi débiles. O réxime, para asegurar a submisión da poboación, recorreu á militarización da vida social, á propaganda e á represión.

As tres familias sociais clave no apoio a Franco foron a Falanxe, pois case a totalidade dos falanxistas aceptaron a imposición de Franco como xefe do partido e trataron de aproveitar a posguerra para converterse nos controladores da vida política e sociolaboral, pero coa apertura dos anos 50 perderon protagonismo político; a Igrexa, xa que os clérigos católicos se encargaron de gabar e lexitimar a Franco a cambio de privilexios económicos, influencia política e do monopolio sobre a cultura e a educación dos españois (nacionalcatolicismo), pero durante os anos 60 cando os membros do Opus Dei pasaron a ter un grande protagonismo político ocupando moitos cargos de ministros, unha pequena parte do clero deixou de gabar a Franco para reclamar máis liberdade para os españois; e o Exército, sobre cuxos mandos Franco sempre mantivo un control estable e valeuse do seu título de xeneralísimo dos exércitos para reforzar o seu poder político, ademais, superados os problemas iniciais de 1945-47 cos xefes militares partidarios de restaurar a monarquía borbónica, sempre gozou dunha fidelidade total. Tamén destacaron no apoio ao franquismo os grandes terratenentes de Estremadura e Andalucía; os empresarios industriais de Cataluña e o País Vasco; os empresarios financeiros; a pequena burguesía das capitais de provincia e o campesiñado do centro e norte de España. Durante os 60 foi clave o apoio dos emigrantes rurais que, como obreiros nas urbes, toleraron un réxime político represivo e antidemocrático coa escusa de que lles ofrecía paz e benestar económico.

O fin da guerra civil (1936-1939) non implicou o remate das tensións e a paz, senón que abriu camiño a un longo período no que os sublevados administraron a súa “vitoria” sobre os vencidos.

A posguerra caracterizouse pola represión política, o control ideolóxico e social, as dificultades nas relacións exteriores e a autarquía económica.

A economía de posguerra caracterizase por un nivel de produción moi baixo (tardarase case vinte anos en alcanzar o nivel produtivo de 1936); unha ruína total da Facenda Pública (o goberno republicano gastou o ouro do Banco de España en mercar armas a URSS e os sublevados endebedaron o futuro estado franquista mercando armas a Italia e Alemaña); unha moeda de escaso valor, pois a escasa produción e o déficit da Facenda fixeran que a peseta perdera o 50% do valor; unha inflación xigantesca xa que ante a escaseza de produción se dispararon os prezos; unha fame xeneralizada que provocou a emigración de moitos ós espazos rurais; un ciclo de enfermidades epidémicas favorecido pola pobre alimentación e a escaseza de medicamentos e un abastecemento controlado de produtos

básicos a prezos taxados (as “cartillas de racionamento”) fomentaron os negocios especulativos do mercado negro ou estraperlo, pois a pesar das prohibicións, a maioría das compravendas facíanse no mercado negro. Moitos enriquecéronse especulando coa miseria dos demais e moitas autoridades aceptaron os subornos dos especuladores do estraperlo.

Ante as dificultades económicas e o bloqueo comercial internacional, o réxime franquista apostou por proclamar a autosuficiencia, defendendo a capacidade de España de autoabastecerse sen necesidade de mercado exterior: nacionalismo económico ou autosuficiencia autárquica, pero realmente a autarquía non foi radical, pois sempre se importaron produtos clave como o petróleo.

Para promover a industrialización e favorecer a política autárquica, o estado creou o INI (Instituto Nacional de Industria); nacionalizou as comunicacións telefónicas, o transporte aéreo (Iberia) e moitas minas, ademais, impulsou as obras públicas.

A política de intervención do Estado na economía non permitiu grandes resultados , pero a fixación de salarios moi baixos fixo posible que os empresarios lograsen altos beneficios.

As inversións do goberno na industria (clave para fortalecer de armamento ó exército) prexudicou as reformas na agricultura e gandería e os campesiños, que tanto axudaron ós sublevados a gañar a guerra, víronse desamparados na posguerra ante as malas colleitas provocadas polas continuas fases de secas. Os anos 50 son a culminación do fracaso das medidas autárquicas e da necesidade de aumentar o comercio exterior. Os feitos clave favorecedores da apertura foron o contexto internacional da Guerra Fría, o concordato co Vaticano en 1953 e os Acordos cos EEUU no 1953.

Nos anos 50 os gobernantes franquistas trataron de revisar o ríxido intervencionismo estatal e suprimiron o racionamento e decretaron a liberdade de prezos e comercio; a apertura exterior facilitou a entrada de materias primas e tecnoloxía que fixeron florecer a industria. Porén, os cambios no sector agrícola foron escasos pola falta de inversións de estilo capitalista no campo.

O ministro de traballo Girón logrou manter os salarios taxados, pero tivo que admitir horas extras, traballo en festivos e vacacións.

A apertura exterior coincidiu co aumento do nivel de vida dos traballadores europeos, que aproveitaron a devaluación da peseta e as vacacións pagadas para facer turismo en España debido ao sol barato. O desenvolvemento do turismo provocou unha entrada masiva de divisas, que permitiron equilibrar a balanza de pagamentos co exterior e implicou un lento cambio de costumes e desexos de liberdade en España.

Como a fins dos 50, a economía continuaba asfixiada, os dirixentes da banca presionan a Franco para que prescinda dos políticos falanxistas e aposte por ministros preparados en economía. Franco escolle como ministros a técnicos ligados ao Opus Dei de ideas económicas liberal-capitalistas e de ideas políticas conservadoras-traditionalistas. Os tecnócratas convencen a Franco da necesidade dun Plan de Estabilización para sanear a economía e intentar o desenvolvemento de España. O Plan de estabilización de 1959 servirá para facer desaparecer as medidas autárquicas, confirmar a apertura e iniciar un longo período de desenvolvemento. Este plan implicou: o recorte do excesivo gasto público; a restrición do crédito; a conxelación dos salarios; a limitación das horas extras; a devaluación da peseta; a desaparición de controis comerciais e industriais; a facilidade para instalar filiais de empresas estranxeiras e a reforma da Facenda pública e a persecución do fraude fiscal.

Este programa fixo posible o desenvolvemento e a concesión de novas axudas ao estado dos EEUU, do Fondo Monetario Internacional e dos bancos, para que o gobernante tratase de suavizar os efectos negativos da estabilización: o paro agrícola; as dificultades para moitas empresas e negocios que ao non lograr créditos despedían a traballadores; a miseria dos obreiros (conxelación de salarios, limitación de horas extra e despedidos) e as dificultades de ingresos da Facenda Pública (o estado non logrou ingresos suficientes para modernizar as infraestruturas, a educación, a sanidade e as Forzas Armadas.

Os anos 60, nos que se confirmaría o éxito da apertura caracterízanse pola tranquilidade política, a estabilidade política interna e o impulso dos Plans de Desenvolvemento: tras o éxito do Plan de Estabilización de 1959, os tecnócratas desprazan aos falanxistas e marcan o obxectivo de elevar a renda per cápita dos españois. Para logralo deseñaron tres plans de Desenvolvemento cuatrianuais capaces de transformar España nun país desenvolvido. Estes plans prestaron atención preferente ó

crecemento da renda nacional, ó pleno emprego (ter o mínimo número de parados), a mellorar o reparto da renda e a progresiva integración nos circuitos da economía mundial: recollían estímulos e beneficios as empresas privadas, indicacións para os investimentos estatais e autorización para crear “polos de desenvolvemento” na periferia de cidades intermedias como Vigo, O Porriño e Valladolid entre outras.

A planificación dos tecnócratas tivo éxitos espectaculares na produción industrial das fábricas de automóbiles (Seat, Renault, Citroën) ou de electrodomésticos (Fagor, Edesa) e dificultades graves na agricultura.

Deuse un auxe nas importacións, que foron posibles grazas á entrada masiva de divisas en España provintes dos aforros que mandaban os emigrantes en Europa e dos aforros que gastaban os turistas en España; ascenderon os investimentos estranxeiros, xa que os inversores decidiron investir en España para aproveitar os beneficios do alto crecemento, pero sobre todo, as grandes multinacionais crean filiais en España para aproveitarse dos beneficios e vantaxes que lles ofrecen os tecnócratas e das posibilidades de explotación que representaba a abundancia de man de obra moi barata; os Plans de Desenvolvemento favorecen a concentración industrial no País Vasco, Cataluña e Madrid e marxinan as posibilidades de desenvolvemento industrial doutras rexións con maiores necesidades, o que provocou unha vaga de emigrantes do campo cara as urbes industrializadas, unindo o mal reparto rexional da riqueza á desigual distribución da poboación, o que se intentou correxir cos Polos de Desenvolvemento; o caos urbanístico debido aos millóns de españois que cambiaron a aldea polas urbes e os millóns de turistas alimentan a febre especulativa dos inversores que non dubidan en subornar ós gobernantes con tal de lograr o máximo beneficio, e optan polos beneficios rápidos e a curto prazo a costa da baixa calidade e de esnaquizar a estrutura urbanística das urbes e, especialmente, das vilas da costa mediterránea; o auxe da banca, os banqueiros de bancos como Banesto e Banco de Bilbao, aliados con grandes industriais, foron os grandes beneficiados do desenvolvemento dos anos 60 e responsables da irracionalidade especulativa; a reforma da Seguridade Social permitiu a moitos españois acceder á cobertura sanitaria e ás pensións de xubilación; a alimentación das persoas mellorou ao aumentar o consumo de carnes, peixes e produtos lácteos, tendo así lugar a fase máis aguda da transición demográfica, o famoso “Baby Boom”; o incremento da renda das persoas e o aumento da oferta de produtos implica un aumento da capacidade adquisitiva da poboación; a Lei Xeral de Educación de 1970 co obxectivo de crear man de obra cualificada, necesaria nos sectores económicos, e a evolución cultural, a cultura católica despraza á falanxista, e verase progresivamente desprazada polas influencias dos turistas, dos emigrantes e polas ansias de praceres evasivos e materiais. A nova “Lei de Prensa” do ministro Manuel Fraga suprimiu a censura previa, abrindo esperanzas entre os artistas, pero a censura a posteriori reprimiu ou castigou os intentos de expresarse. Tamén se acabou coa “Lei de Responsabilidades Políticas”, que foi substituída polo TOP (Tribunal de Orde Público).

A fins dos anos 60 e comezos dos 70 confírmase a crise do desenvolvemento económico e do propio réxime político.

A fins dos anos 60 a economía española acusa un estancamento do crecemento motivado por erros da planificación nos plans de desenvolvemento e a inicios dos 70 comezan a acusarse os primeiros síntomas da crise do petróleo de 1973. Ante a inflación de prezos e o lento ascenso dos salarios desátase unha crecente conflitividade laboral, con numerosas folgas en múltiples lugares do país.

Ante os estraños efectos da crise que son a inflación, o paro e a forza das reivindicacións obreiras, os empresarios mostran un tremendo desconcerto.

Ante as dificultades económicas os campesiños, obreiros e incluso clases medias abandonaron a súa actitude pasiva e moitos reclamaron dos gobernantes cambios económicos, pero tamén políticos e culturais, ao que o goberno reaccionou con represión.

A situación de crise ía agrandándose ó longo dos anos 70 e as primeiras medidas de contención non se toman ata o primeiro goberno democrático de 1977.

En Galicia, o policultivo de autoconsumo de minifundio paliou en parte os rigores da posguerra, porén, debido á existencia de polos de desenvolvemento como o de Vigo, a crise golpea máis fortemente aquí e nacerá o GRAPO (Grupos de Resistencia Antifascista Primeiro de Outubro), que provocaban

atentados, especialmente contra políticos.

Como conclusión, podemos dicir que a evolución económica condicionou profundamente a evolución da oposición, pois provocou o trasvase dos inmovilistas aos reformistas ao ver frustrados os plans de entrar na CEE debido á existencia dun réxime totalitario e vendo como única opción de saír da crise, rematar con este réxime.